

## **NOTA INFORMATIVA SOBRE A REANUDACIÓN DOS PRAZOS ADMINISTRATIVOS SUSPENDIDOS POLO RD 463/2020, DO 14 DE MARZO**

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE nº 67, do 14/03/2020) establece na súa disposición adicional terceira: “Suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos renovarase no momento en que perda vixencia o presente real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo”.

Pola súa parte, o Real Decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE nº 145, do 23/05/2020), acorda no seu artigo 9: “Con efectos desde o 1 de xuño de 2020, o cómputo dos prazos administrativos que fosen suspendidos renovarase, ou se reiniciará, se así se previu nunha norma con rango de lei aprobada durante a vixencia do estado de alarma e as súas prórrogas.”

De acordo co anterior, os procedementos que quedaron suspendidos a partir do 14 de marzo de 2020 retomaranse, debéndose contar os días transcorridos ata ese momento e completar os que resulten precisos para os trámites que resultaran preceptivos.

A estes efectos debe terse en conta que, con carácter xeral, os prazos retómanse, a partir do luns 1 de xuño, polo período que reste, sen que en ningún caso volvan a contar desde o seu inicio.

Como consecuencia do anterior, **retómanse os prazos para as reclamacións ou corrección de defectos das listas provisionais dos seguintes procesos selectivos que estaban abertos no momento da declaración do estado de alarma:**

**1. Praza de operario/a de servizos múltiples** correspondente ás ofertas de emprego público dos anos 2016 e 2017: o prazo para as reclamacións ou corrección de defectos estenderase entre **os días 1 de xuño e 2 de xuño, ambos os dous incluídos.**

**2. Praza de inspector da Policía Local** correspondente á oferta de emprego público do ano 2019: o prazo para as reclamacións ou corrección de defectos estenderase entre **os días 1 de xuño e 5 de xuño, ambos os dous incluídos.**

**3. Praza de axente da Policía Local** correspondente á oferta de emprego público do ano 2019: o prazo para as reclamacións ou corrección de defectos estenderase entre **os días 1 de xuño e 5 de xuño, ambos os dous incluídos.**